

LUGO

O Entroido 2014 estará dedicado en Lugo á narrativa de ciencia ficción

A concelleira Carmen Basadre presentou esta mañá o programa de actividades

Enrique G. | Lugo | 14/2/2014 | 14:0 h

O Entroido 2014 en Lugo estará dedicado á narrativa de ciencia ficción, segundo anunciou esta mañá a concelleira de Cultura, a socialista Carmen Basadre, que suxeriu aos libeiros lucenses que presenten algúns títulos nun dos actos programados. O pregoeiro nesta ocasión será o xornalista lucense Paco Neto.

As actividades comezarán o xoves, día 27, ás 18.00 horas cunha actuación da coral Xolda na Praza do Campo, e unha hora despois haberá un recital de Lugh na Praza Maior. O 28, ás 18.00 horas haberá un recital de coplas de entroido no Uxío Novoneira e ás 20.00 horas, no consistorio, Paco Neto lerá o pregón. Á mesma hora no Uxío Novoneira haberá un taller audiovisual, e media hora despois na Praza Maior actuará Hipócrita Teatro. No programa recóllese igualmente a feira de produtos típicos de tempada que se celebrará na Praza de Abastos o primeiro de marzo. Este ano, os premios para os concursos de disfraces superan en total os 6.000 euros. A oferta municipal é ampla ata o 5 de marzo, no que finalizarán as actividades co Enterro da Sardiña.